



# FOMENTO DO DESENVOLVEMENTO RURAL SUSTENTABLE A TRAVÉS DA ECONOMÍA SOCIAL E A INNOVACIÓN NOS CENTROS DE ENSINO

## O PROGRAMA

É un proxecto promovido por “ DAVEIGA ” co obxecto de promover un Desenvolvemento Económico Sustentable, a través do fomento da cultura emprendedora, a Economía Social e a Innovación, no ámbito rural.

Neste proxecto colaboran entidades referentes no ámbito do emprendemento, a economía social, o desenvolvemento económico e a innovación: SEMENTE RIBEIRA SACRA, ESPAZOCOOP, AESGAL, GRUPO ICEDE e MASTER DEI da USC.

## XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA

O sistema educativo ven capacitando ás persoas cunha formación técnica válida para desenvolver unha profesión, ben sexa a través dos estudos regrados ou a través de iniciativas de formación privadas non regradas.

Trata de contribuír a esa etapa formativa achegando unha perspectiva máis ampla das oportunidades de incorporación ao mercado laboral, a través da Economía Social e o aproveitamento das oportunidades que nos ofrece a contorna máis poroxima e o ámbito rural, promovendo unha formación máis integral do alumnado:

- Este programa procura a interacción entre os coñecementos e as saídas profesionais, incentivando a autosolución do individuo no eido laboral a través de fórmulas creativas de autoemprego de carácter colectivo e participativo.

- Por outra banda, procura tamén, achegar ao alumnado as fórmulas empresariais da Economía Social, nomeadamente cooperativas e sociedades laborais.

## BENEFICIARIOS

- Alumnos/as de Ciclos Medios de Formación Profesional.
- Alumnos/as Superiores de Formación Profesional.
- Alumnos/as de último curso de Bacharelato.
- Alumnos/as matriculados en Mestrados de Formación Universitaria.



## OBXECTIVOS

- Achegar os modelos empresariais da economía social e nomeadamente o modelo cooperativo e das sociedades laborais á comunidade educativa dos centros de ensino participantes.
- Coñecer as condicións, os pasos a dar, e practicar as ferramentas para emprender baixo as fórmulas empresariais da economía social.
- Contribuír á mellora das posibilidades de acceso ao mercado laboral das persoas participantes, a que coñezan ás cooperativas e ás sociedades laborais e as súas achegas sociais e económicas e a que valoren a posibilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Apoiar a visibilización do tecido cooperativo e das sociedades laborais, presente na comarca, dando a posibilidade de establecer un diálogo coas experiencias de economía social participantes, localizadas no rural.

# ACTIVIDADES

A economía social e o cooperativismo é unha forma de organización económica baseada nos principios da autoxestión, solidariedade e responsabilidade colectiva. Estes valiosos principios fomentan a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal do alumnado, e bríndalle tamén o coñecemento doutra economía posible, onde teñen a oportunidade de participar activamente na toma de decisións e traballar en conxunto para acadar metas comúns. Deste xeito, achegamos ao estudiantado o emprendemento e outra forma de facer empresa, máis centrada nas persoas, na sustentabilidade e na responsabilidade social.

Esta proposta incorpora dous tipos de actividades formativas complementarias entre si, co fin de dar a coñecer ás persoas participantes a idoneidade da fórmula cooperativa como vía de acceso ao emprego a través do emprendemento colectivo.

A maiores contéplanse dous concursos, para incentivar e implicar aos alumnos/as no desenvolvemento dunha idea empresarial (alumnos/as de ensino medio) ou proxecto de desenvolvemento local no rural (alumnos/as universitarios)

## Actividade 1 | Xornada divulgativa: “Daveiga como modelo Empresa de Economía Social, desenvolvemento Rural e Innovación”

Actividades divulgativas de curta duración, dinamizadas polo persoal de Daveiga.

A participación nesta actividade é obligatoria para poder participar nas outras.

**Modalidade:** presencial

**Lugar de realización:** instalacións de Lugar Daveiga, S.L.L..

**Dirixidas** ao alumnado dos últimos cursos dos Centros de Ensino Secundario, Ciclos de formación profesional e Bacharelato, e Cursos de Maestrazgos da Universidade.

**Duración:** 2 horas.

**Nº edicións:** según demanda

**Calendario:** coordinado con cada centro

**Programa da actividade:**

- **Visita ao obradoiro de Daveiga**, proceso de produción, normas de calidade e seguridade alimentaria.
- **Posta en común do proxecto de Daveiga:**
  - Orixe.
  - Evolución do negocio, emprego, mercado e capacidade de produción.
  - Principais liñas estratéxicas e innovación do proxecto.

## Actividade 2 | Obradoiro de teleformación “Aprender a emprender no rural dende a economía social”

Obradoiro que permitirá ao alumnado afondar no coñecemento da fórmula cooperativa e das sociedades laborais como vía para o emprendemento. Coñecerán os pasos a dar para poñer en marcha unha empresa cooperativa e unha sociedade laboral. Desenvolverán co apoio técnico de Espazocoop a idea de negocio e o plan de viabilidade do seu proxecto de empresa.

**Modalidade:** teleformación

**Lugar de realización:** [www.aulaespazocoop.com](http://www.aulaespazocoop.com)

**Dirixidas** ao alumnado de últimos cursos de FP e Bacharelato, e alumnado de Mestrados da Universidade, que desexen coñecer as distintas posibilidades que ofrece a economía social, cara a súa inserción no mercado laboral no ámbito rural.

**Duración:** 9 horas distribuídas ao longo de dúas semanas.

**Nº edicións:** 6, asignadas por orden de entrada.

**Calendario:** 2º trimestre do curso académico.

**Número de participantes:** 20

**Observacións:** Os contidos e sesións virtuais de aprendizaxe serán dinamizados polo persoal técnico da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP. Haberá tres sesións virtuais de aprendizaxe cunha duración de 50' cada unha. Pénsase programar o obradoiro unha vez realizadas as charlas informativas previstas.

**Programa da actividade:**

- Presentación
- Coñece as cooperativas e as sociedades laborais
- Identifica o teu proxecto de economía social
- Analiza as áreas comercial e de mercado
- Estuda a viabilidade económica e financeira
- Planifica a área organizativa. Trámites de constitución



### Actividade 3 | Concurso de Ideas Empresariais, para o desenvolvemento do rural, a través da economía social e a innovación.

**Obxecto:** incentivar e fomentar a implicación dos alumnos/as, no desenvolvemento dunha idea empresarial, partindo dun modelo de empresa de economía social e implantación no rural.

**Dirixidas:** ao alumnado de últimos cursos de FP e Bacharelato, que desexan desenvolver unha idea empresarial no rural.

**Nº de alumnos/as participantes por proxecto:** un mínimo de 3 e un máximo de 5.

**Plazo de presentación:** do 01 de abril ó 31 de maio.

**Contidos mínimos da memoria empresarial:** Presentarase en soporte dixital (pdf) a través do email: info@daveiga.com . A extensión máxima será de 30 páxinas (tipografía Times New Román ou Arial, tamaño 12). A memoria deberá ter os seguintes contidos mínimos:

- Descrición do grupo promotor e os seus obxectivos.
- Descrición da idea empresarial e dos elementos innovadores do proxecto.
- Xustificación do modelo de empresa de economía social.
- Plan de de negocio:

**Plan de investimentos** ➤ **Plan de produción** ➤ **Plan de comunicación** ➤ **Estudo económico - financeiro** ➤ **Plan comercial**

**Fases:** Constará de 2 fases

**1ª Fase:** Todas as ideas empresariais que reúnan os requisitos mínimos, participan nun concurso organizado por cada centro de ensino participante neste proxecto, que será o encargado de propoñer unha idea empresarial para participar no concurso xeral de ideas empresariais de todos os centros. Esta primeira selección faraa un equipo de docentes do centro.

**Fase final:** Entre todas as ideas seleccionadas, polos centros de ensino, premiaranse ás 3 mellores. Nesta fase participará un xurado composto por: 1 representante de Daveiga, 1 representante de ESPAZOCOP, 1 representante de AESGAL, 1 representante de SEMENTE, e 3 representantes dos centros de ensino secundario participantes no programa.

**Premios:** 1º Premio: 750 euros | 2º Premio: 500 euros | 3º Premio: 250 euros.

### Actividade 4 | Concurso de proxectos TFM (traballos fin de mestrado) de desenvolvemento Local aplicados ao Rural.

**Obxecto:** incentivar e fomentar a implicación dos alumnos/as, no desenvolvemento de proxectos de desenvolvemento local no rural.

**Dirixidas:** ao alumnado que participe en mestrados das universidades galegas.

**Prazo de presentación:** do 01 de abril ó 31 de maio.

**Contidos mínimos da memoria do proxecto:** Presentarase en soporte dixital (pdf), a través do email: info@daveiga.com. A extensión máxima será de 100 páxinas (tipografía Times New Román ou Arial, tamaño 12). A memoria deberá ter os seguintes contidos mínimos:

- Introducción: nela describirase cal é o obxectivo do proxecto, o ámbito territorial no que se pretende implementar e os axentes socioeconómicos implicados no mesmo.
- Diagnóstico do territorio: económico, social, cultural, etc.
- DAFO resultante do diagnóstico.
- Liñas estratéxicas do plan de desenvolvemento local (a 2-3 anos).
- Plan de acción ou liñas operativas.
- Plan económico – financeiro.

**Fases:** Constará de 2 fases

**1ª Fase:** Todos os proxectos que reúnan os requisitos mínimos, participan nun concurso organizado por cada Mestrado participante nesta actividade, os organizadores do mesmo serán os encargados de propoñer un proxecto para participar na fase final do concurso desta primeira selección un equipo de persoas vinculadas ao Mestrado.

**Fase final:** Entre todos os proxectos seleccionados polos organizadores dos cursos de Mestrado, premiaranse os 3 mellores. Nesta fase participará un xurado composto por: 1 representante de Daveiga, 1 representante de ESPAZOCOP, 1 representante de AESGAL, 1 representante de SEMENTE, 1 representante de cada universidade que participe no programa.

**Premios:** 1º Premio: 1.000 euros | 2º Premio: 750 euros | 3º Premio: 500 euros

### Actividade 5 | Xornada novas oportunidades de emprego na Galiza Rural; economía social, innovación, economía circular e desenvolvemento local.

**Obxecto:** Abordar as novas oportunidades xeradoras de emprego, na Galiza Rural, a través de relatorios e experiencias inspiradoras; dende unha perspectiva de desenvolvemento rural sustentable; apoiado na economía social, a innovación e a economía circular.

**Dirixidas a:** profesionais relacionados co desenvolvemento rural, docentes e alumnos/as dos centros de ensino medio e Universidades.

**Lugar de celebración:** por definir.

**Data de celebración:** por definir.

**Exposición de proxectos e entrega de premios:** Nesta xornada comunicaranse os resultados dos concursos, a entrega dos premios e dos diplomas a todos os/as finalistas.

PROMOVE



COLABORAN

